
Obxetivos do Simposio

- Discutir problemas actuais da cooperación ao desenvolvemento, sobre a base dun conxunto de aportacións con carácter paradigmático, algunhas de tipo teórico e outras relativas a casos concretos e prácticos, levadas a cabo dende diversos campos do saber aínda que cunha contribución especial do campo antropológico.
- Crear un espacio de encontro entre os antropólogos e o ámbito universitario en xeral cós axentes da cooperación, para a discusión, o debate e o transvase recíproco de experiencias e ideas.
- Explorar as posibilidades de establecer sinerxías entre uns e outros.
- Aportar a maior pluralidade posible de puntos de vista que incentive unha reflexión dende ángulos diferentes cós que, uns e outros, acostumamos normalmente a ver os problemas da cooperación, entendendo que iso permitiranos a todos enriquecer a mirada.
- Reflexionar sobre o papel da universidade na cooperación ao desenvolvemento e estudar posibilidades e formas de establecer outras actividades de encontro no futuro.